

PROGRAMA DE ENTROIDO 2019 NO CONCELLO DE PONTECESO

LUGAR: Praza do Relleno e pavillón municipal de Ponteceso

HORARIO: domingo 3 de marzo, de 17:00 h a 22:00 h , aproximadamente.

INSCRIPCIÓN: presencial ou telemática, no rexistro do concello, ata o 27 de febreiro ás 14:00 h.

CRONOGRAMA PREVISTO:

17:00 h	PASACALLE DO RELLENO AO PAVILLÓN (se chove suspéndese)
17:30 h	DESFILES E ACTUACIÓNS NO PALCO (pavillón)
18:30 h	ENTREGA DE AXUDAS E OBSEQUIOS
19:00 h	DEGUSTACIÓN, ANIMACIÓN E INCHABLES

BASES DO XXV CERTAME DE DESFILE DE DISFRACES 2019

Coa finalidade de promover e recuperar unha festa tradicional popular como é o Entroido, o departamento de Cultura do Concello de Ponteceso convoca este DESFILE de acordo coas seguintes bases:

Primeira: Descrición

Consistirá nun desfile de disfraces no que poderán participar tódolos públicos que se inscriban previamente neste concello antes do 28 de febreiro ás 12:00 h.

Segunda: Pasacalle

Saída da praza do Relleno ata o pavillón municipal (se chove suspéndese e iremos directamente para o pavillón). Os/as participantes que opten a algunha axuda teñen a obriga de participar neste percorrido.

Terceira: Axudas

Co obxecto de fomentar a participación e colaborar economicamente na confección dos traxes, carrozas, etc., o Concello de Ponteceso convoca unhas axudas de acordo coas seguintes categorías:

COMPARSAS DE 11 OU MÁIS PERSOAS	COMPARSAS DE 6 a 10 PERSOAS	COMPARSAS DE 5 OU MENOS PERSOAS	AXUDA ESPECIAL
- Axuda de 200 € a cada comparsa/carroza que realice unha actuación e/ou participe no pasacalle.	- Axuda de 150 € a cada comparsa/carroza que realice unha actuación e/ou participe no pasacalle.	- Axuda de 90 € a cada comparsa que realice unha actuación e/ou participe no pasacalle.	- Axuda de 500 € (non acumulable con outras) a aquel grupo ou persoa que sexa considerada, polas propios participantes, como a mellor.

* **existe un máximo de 3.500 € para o total das axudas** (no caso de que haxa un maior número de participantes, este importe repartirase en proporción e diminuirían as cantidades máximas a percibir).

- É obrigatorio para optar ás axudas económicas: facer o pasacalle, subir ao palco a representar unha actuación non superior a 4´ de duración (musical, teatral, etc. presentando, no momento da inscrición, a gravación musical ou o material necesario para a actuación) ou ben realizar unha exhibición das carrozas ou doutros acompañamentos.
- As axudas serán entregadas en metálico a aquelas comparsas que se inscribieran previamente no concello. Aquelas outras que se presenten no mesmo día terán que consultar coa organización a posibilidade de participar.

Ponteceso, 4 de febreiro de 2019

O alcalde

Xosé Lois García Carballido



CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28

E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

Unha vez lidas as condicións da participación no XXV Desfile de Entroido do Concello de Ponteceso, e aceptándoas, desexo participar no desfile:

Nº DE PARTICIPANTES:

TÍTULO DA OBRA:

DEIXO CD OU OUTRO MATERIAL PARA A INTERPRETACIÓN (máx. 4´):

BREVE DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN :

NOME, ENDEREZO E DNI DO/A RESPONSABLE:

CONTACTO:

Ponteceso, de febreiro de 2019

Asina: